

A Cámara trae a Fevino un grupo de importadores americanos

Manterán contactos con 19 bodegas galegas das diferentes denominacións de orixe

Ferrol. 27/2/2009. A Cámara de Comercio de Ferrol volve a organizar unha misión inversa de importadores de viño procedentes dos Estados Unidos que estarán en Ferrol do 7 ao 10 de marzo para, no marco de Fevino, entrevistarse con viticultores galegos.

Esta acción, que se realiza en colaboración coa Cámara de Vilagarcía de Arousa, ten como obxectivo aumentar as exportacións dos viños galegos a un país que é un dos maiores mercados do mundo deste produto.

Os sete empresarios americanos que nesta ocasión viaxan a Ferrol proceden de Nova York, Nova Jersey, California y Florida, principais áreas metropolitanas consumidoras de viño importado.

Durante varias xornadas de traballo, manterán unha intensa axenda de reunións individuais coas 19 bodegas galegas que se inscribiron nesta misión e que producen e comercializan viños das denominacións de orixe Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras e Ribeira Sacra.

Acompañan aos empresarios americanos tres xornalistas especializados, así como a directora executiva e a directora de comercio exterior da Cámara de Comercio Española en Nova York, entidade que colaborou na organización desta acción ocupándose de establecer os contactos cos importadores.

Tras a estancia en Ferrol, e antes do seu regreso a os EE.UU., o grupo ten previsto visitar os Consellos Reguladores das denominacións de orixe.

O mercado do viño nos Estados Unidos

Estados Unidos é actualmente o cuarto produtor mundial de viño e o terceiro consumidor por volume. De feito, o consumo aumentou nos últimos dez anos a un ritmo do 3 %, ata o punto de que se prevé que nun par de anos supere a Francia e Italia e se converta no maior mercado de viño do mundo.

Non obstante, se nos fixamos no consumo per cápita descende na clasificación até situarse no décimo primeiro posto. Cómpre ter en conta que a cultura do viño é nova para o americano medio, aínda que máis habitual nas capas da poboación con máis poder adquisitivo e nas costas Este e Oeste.



Ademais, practicamente as tres cuartas partes do viño consumido neste país son de orixe nacional. España é o cuarto subministrador de viño importado, por detrás de Francia, Italia e Australia. En 2007, as exportacións españolas alcanzaron unha cifra superior a 5 millóns de caixas.

En calquera caso, trátase dun mercado moi diferente ao español, xa que os consumidores están pouco familiarizados co sistema de denominacións de orixe e no que a calidade do produto e a actividade promocional —na que xogan un papel moi destacado os prescriptores de opinión como o famoso Robert Parker— son requisitos imprescindibles para facerse un oco.

